



.....

**O MUNDO DO PORVIR:
BICENTENARIO DO NACEMENTO
DE CONCEPCIÓN ARENAL PONTE
(1820-2020)**

**XUSTIZA,
DEREITO E
LIBERDADE**

.....

Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Vigo
Xoves, 29 de outubro de 2020 ás 18:00 horas



O 31 de xaneiro de 1820 nacía en Ferrol a pensadora e escritora Concepción Arenal Ponte. Douscentos anos despois do seu nacemento, queremos conmemorar esa efeméride analizando o seu legado e valorando a súa vixencia, con rigor e tratando de evitar os anacronismos, coa finalidade de difundir a súa obra e pensamento, entre un público interesado, mais non só especializado, para que se coñeza, máis alá do seu nome e dalgunhas frases soltas descontextualizadas, e en especial aquelas ideas que, aínda hoxe, gozan de maior actualidade e interese. Realizaremos ese percorrido retrospectivo pola súa biografía e obra a través dos lugares do país que máis a marcaron: Ferrol, A Coruña e Vigo. E remataremos en Santiago de Compostela, onde daremos conta da súa proxección internacional. Queremos honrar así unha figura destacada da nosa historia cuxa fonda pegada aínda permanece.

Xustiza, Dereito e liberdade

Vigo é o lugar onde morreu e está enterrada Concepción Arenal, mais tamén constitúe o espazo onde transcorreron os últimos anos da súa vida, co desenvolvemento dun importante traballo intelectual de madurez, até o final dos seus días, plasmado en numerosos e moi diversos traballos. Analizaremos o seu legado no ámbito xurídico, en dous dos aspectos aos que dedicou un maior esforzo de teorización: o Dereito Penal e Internacional; as súas ideas sobre o sentido das penas e a xustiza universal.

16 de outubro. Ateneo de Ferrol

23 de outubro. Fundación Luís Seoane, A Coruña

29 de outubro. MARCO, Vigo

6 de novembro. Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela

Programa

18:00 horas

Contextualización biográfica e intelectual

Celia Pereira Porto, avogada laboralista e membro da Sección de Pensamento do CCG

Concepción Arenal no pensamento penal do seu tempo

Gonzalo Quintero Olivares, catedrático adhonorem da Universitat Rovira i Virgili de Tarragona

Carta a Concepción desde a Europa actual

Eloy Gayán Rodríguez, profesor titular de Dereito Internacional Privado e de Dereito de Estranxeiría da Universidade da Coruña

Organiza

Centro de Documentación en Igualdade e Feminismos (CCG)
Consello da Cultura Galega

Colabora

Ateneo Atlántico
Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Coordina

Celia Pereira Porto

Lugar

Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Príncipe, 54
36202, Vigo

Inscripción

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (35 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Máis información

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal>



Organiza:



Colabora

